

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES MARÍA SOLIÑO
CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Marco legal**
3. **Contexto sociolingüístico**
4. **Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega**
5. **Liñas de actuación para o curso 2021/2022**
6. **Recursos humanos e materiais**
7. **Reparto das áreas de lingua galega e lingua castelá**
8. **Linguas que se deben empregar nas programacións**
9. **Medidas de apoio e reforzo para o correcto uso lingüístico e para o alumnado con insuficiente dominio das linguas**
10. **Procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística nas linguas en que se imparten as materias**
11. **Seccións bilingües**

1. INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un **elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade**. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

A continuación desenvólvese o proxecto lingüístico do IES María Soliño co propósito fundamental de que o alumnado acade unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais da comunidade, así como un coñecemento efectivo das linguas estranxeiras impartidas no centro.

Aínda que este curso aínda pode ter certas circunstancias sanitarias, o obxectivo deste proxecto segue adiante máis ca nunca. O alumnado amosa unha actitude moi receptiva a todo tipo de actividades posto que a realidade do confinamento e das restricións fixo que se decatara, na ampla maioría dos casos, do moitísimo que lle importa a vida nos centros educativos. Por iso, trataremos de promover o uso do galego con moito esforzo por medio de diferentes actividades sen deixar a un lado a insistencia nas redes sociais.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na **normativa vixente**, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- a. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- b. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- d. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- e. Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Ás aforas do núcleo urbano de Cangas atópase o IES María Soliño, nunha poboación costeira de economía mixta, na que unha inmensa maioría da poboación se dedica á pesca tanto de altura coma de baixura, ao comercio e á industria e construción, tanto no propio concello coma nas cidades de Vigo e Pontevedra. Esta actividade nos sectores secundario e terciario, ademais da pesca, complementábase co cultivo de pequenas parcelas ou hortas arredor do domicilio familiar e fóra do horario laboral. Desta situación derívase a existencia de economía mixta. Unha alta porcentaxe da poboación do contorno pertence a un nivel educativo primario (tendo en conta fundamentalmente ás persoas de maior idade) e a un nivel secundario (predominante na poboación adulta e moza), sendo o nivel educativo universitario o máis baixo nesta sociedade.

A lingua vehicular máis usada entre as persoas maiores é o galego, usado para a comunicación oral e case nunca para a escrita, tamén empregado na comunicación coas persoas da mesma xeración e no domicilio familiar, reducindo o seu uso na comunicación comercial e social fóra do núcleo familiar. A poboación adulta e cun nivel educativo secundario impulsa o uso do castelán fronte ao galego en todos os eidos, aínda que mantendo o uso da lingua galega en moitos lugares da vida cotiá, o que nos leva a una situación de bilingüismo efectivo nese tramo de idade. A poboación máis nova, pola súa banda, exprésase maioritariamente en castelán en todos os espazos fóra do domicilio familiar, aínda que sabe falar e entende o galego.

Por todo isto podemos indicar que o contorno do noso centro amosa unha alta porcentaxe de persoas que teñen como idioma prioritario o galego, aínda que fortemente combatido polo castelán, lingua que se emprega maioritariamente nas dúas cidades importantes coas que convive Cangas, a nivel laboral, comercial e educativo, e a onde se despraza diariamente unha parte importante da poboación, Vigo e Pontevedra. Naturalmente, neste avance do castelán fronte ao galego non son alleos os medios de comunicación en xeral, que utilizan case en exclusiva o castelán.

3.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

O IES María Soliño contaba ata os últimos anos cun cadro de profesorado bastante estable, cambiando unicamente un 10% do claustro cada curso, feito que permitía considerar que a situación sociolingüística deste sector variaba pouco co tempo. Entre os docentes que chegan

ao centro obsérvase un bo uso do galego, o que permite verificar que a maioría do profesorado do centro comprende o galego e úsao de xeito cotiá. Nos últimos anos, debido a xubilacións, o cadro de persoal está a mudar, amosando na maioría dos casos dos docentes que chegan unha boa predisposición para o emprego da Lingua Galega na vida cotiá do centro.

3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

Despois de ter feitos diferentes estudos sobre o uso do galego entre o alumnado do centro, conséntase que ese emprego é minoritario fóra da aula aínda que sexa o idioma elixido no contexto doméstico da familia. Pode dicirse que esta situación se atribúe ao feito de que o galego é unha lingua case nada utilizada nas relacións e nos ambientes nos que coinciden con outros rapaces da súa idade, así como nas redes sociais.

No seo do recinto escolar o galego adquire unha importancia respectable, posto que o alumnado usa o galego na comunicación oral e a escrita en distintas materias e dentro da aula, o que fai que o galego se presente como unha lingua institucional para o alumnado, xa que fai as actividades de aprendizaxe, recibe o material didáctico, exprésase diante do profesorado e cubre os impresos da matrícula en galego. A preocupación do EDL dende o punto de vista da normalización debe incidir en superar este atranco e favorecer o galego como lingua vehicular en todas as situacións persoais.

3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Das tres situacións anteriores pode deducirse a situación que se dá no centro. En primeiro lugar, debe terse en conta o feito de que, a pesar dos atrancos sinalados anteriormente, o uso do galego é maioritario na vida escolar interna. A maioría do profesorado, dos administrativos, subalternos e outro persoal laboral usan o galego, así como tamén en galego son todas as comunicacións orais e escritas co exterior e os produtos de propaganda e publicidade en xeral. Ademais, cómpre engadir que o alumnado que presenta dificultades lingüísticas con respecto ao galego e/ou castelán é pouco significativo dende o punto de vista numérico, aínda que son moi poucos os rapaces que empregan o galego como lingua de comunicación en todas as situacións.

4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Promover o uso da lingua galega no noso instituto.
- Desenvolver actitudes positivas cara o galego, dignificando o uso da súa variedade dialectal entre o alumnado.
- Presentar unha imaxe renovada da lingua galega, máis moderna e prestixiada, con presenza en ámbitos cultos e tecnolóxicos.
- Implicar a todos os membros da comunidade educativa neste proceso de dinamización lingüística liderado polo equipo directivo e asesorado polo EDL.
- Potenciar o uso do galego como lingua vehicular no maior espazo posible.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2021/2022

CARA AO PROFESORADO

- Empregar o galego como lingua vehicular nunha parte significativa do currículo, nas relacións entre profesorado e familias ou administracións sociais.
- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación escrita no instituto e nas aulas: taboleiros, cafetería, sala de profesorado,...
- Dignificar a lingua galega creando cada vez máis espazos de uso: deportes, TICS,...
- Retomar (dependendo da situación sanitaria) a edición da revista ARANDO CEDO, que cada curso académico saca á luz o Equipo de Dinamización Lingüística.

CARA AO ALUMNADO

- Conseguir que o alumnado use a lingua galega en calquera situación, acadando a competencia lingüística desexada ao rematar cada etapa.
- Recuperar vocabulario e expresións ou usos lingüísticos da contorna.
- Asociar o galego con actividades actuais e interesantes.
- Crear un voluntariado de acollida que informe e guíe a novos alumnos á súa chegada ao instituto.

CARA AO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Empregar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o persoal non docente e o resto da comunidade educativa.
- Difundir o labor desenvolvido en prol da lingua galega a través da ANPA ou medios de comunicación locais.
- Participar na Coordinadora do Morrazo, levando a cabo proxectos conxuntos que impliquen a toda a comunidade educativa.

CARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Dende o mesmo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística pretendemos:

- Usar a lingua galega como medio habitual de comunicación no ensino, no tempo de lecer e na vida cotiá.
- Desenvolver actividades atractivas que impliquen a toda a comunidade educativa.
- Implicar á comunidade educativa no proceso normalizador, así como na programación de actividades.
- Formarse en materia de dinamización de linguas e divulgar experiencias innovadoras.
- Valorar a tradición popular e recuperar usos e costumes.
- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e o ocio.
- Reparar eivas detectadas en actuacións anteriores.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

a. HUMANOS

- Todo o profesorado do centro.
- Colaboración con:
 - ANPA.
 - Concello de Cangas.
 - Outros centros educativos da zona e outros equipos de dinamización da lingua galega.

b. MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Bibliotecas de aula previstas para a hora de ler.
- Salón de actos con proxector.
- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas.
- Aulas de informática con ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Fotocopiadora.
- Taboleiros de anuncios.
- Conta de Instagram como medio novidoso de difusión para o Equipo de Dinamización Lingüística: solinhodinamizando.

7. REPARTO DAS ÁREAS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Segundo o Decreto 79/2010 deben impartirse en lingua galega estas materias:

- Na ESO: Xeografía e historia, Bioloxía e xeoloxía.
- No Bacharelato: oferta equilibrada.
- Na Formación Profesional específica (Ciclo Superior de Técnico en Animación de actividades físico- deportivas): oferta equilibrada.

Ademais das anteriores, no IES María Soliño impartiranse en lingua galega durante o curso 2021/2022 as seguintes materias:

1º ESO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Bioloxía e xeoloxía -Xeografía e historia -Educación plástica, visual e audiovisual -Lingua galega e literatura 	<ul style="list-style-type: none"> -Matemáticas -Educación física -Investigación e tratamento da información -Relixión católica -Valores éticos -Lingua castelá e literatura -Obradoiro musical
2º ESO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Xeografía e historia -Educación física -Música -Oratoria -Valores éticos -Relixión católica -Lingua galega e literatura 	<ul style="list-style-type: none"> -Física e química -Matemáticas -Tecnoloxía (tamén INGLÉS) -Lingua castelá e literatura
3º ESO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Bioloxía e xeoloxía -Xeografía e historia -Cultura clásica 	<ul style="list-style-type: none"> -Física e química -Matemáticas (Matemáticas académicas e aplicadas)

-Educación plástica, visual e audiovisual -Lingua galega e literatura -Música -Valores éticos	-Tecnoloxía (tamén INGLÉS) -Lingua castelá e literatura -Educación física
4º ESO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Bioloxía e xeoloxía -Xeografía e historia -Artes escénicas e danza -Ciencias aplicadas á actividade profesional -Cultura científica -Latín -Educación física -Lingua galega e literatura -Relixión católica -Valores éticos	-Física e química -Matemáticas (Matemáticas académicas e aplicadas) -Economía -Iniciación á actividade emprendedora e empresarial -Educación plástica, visual e audiovisual -Tecnoloxía (tamén INGLÉS) -Tecnoloxías da información e comunicación (tamén INGLÉS) -Lingua castelá e literatura
1º BACHARELATO- ARTES	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
- Cultura audiovisual I - Filosofía - Educación Física - Historia do mundo contemporáneo - Lingua galega e literatura	- Debuxo artístico I - Fundamentos da Arte I - Lingua castelá e literatura I - Volume - Linguaxe e práctica musical - Literatura universal - Análise musical I
1º BACHARELATO- ARTES e CIENCIAS	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Anatomía aplicada	-Debuxo artístico I

-Bioloxía e xeoloxía -Cultura audiovisual I -Cultura científica -Debuxo técnico I -Educación física -Filosofía -Historia do mundo contemporáneo -Lingua galega e literatura I -Tecnoloxías da información e comunicación I	-Física e química -Fundamentos da arte I -Lingua castelá e literatura I -Literatura universal -Matemáticas I -Relixión católica -Tecnoloxía industrial I -Volume
1º BACHARELATO-HUMANIDADES E CCSS (C)	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Educación física -Filosofía -Historia do mundo contemporáneo -Lingua galega e literatura I -Tecnoloxías da información e comunicación I	-Aplicación das tics á elaboración e presentación -Economía -Grego I -Latín I -Lingua castelá e literatura I -Linguaxe e práctica musical -Literatura universal -Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I
1º BACHARELATO-CIENCIAS (D)	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Anatomía aplicada -Bioloxía e xeoloxía -Cultura científica -Debuxo técnico I -Lingua galega e literatura I -Educación física -Filosofía -Tecnoloxías da información e comunicación I	-Física e química -Tecnoloxía industrial I -Matemáticas I -Aplicación das tics á elaboración e presentación de contidos -Relixión católica -Lingua e literatura castelá I

2º BACHARELATO- ARTES (A)	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Cultura audiovisual II -Ética e filosofía do dereito -Historia da música e da danza -Historia de España -Imaxe e son -Lingua galega e literatura II -Patrimonio artístico e cultural de Galicia -Psicoloxía -Técnicas de expresión gráfico-plástica 	<ul style="list-style-type: none"> -Fundamentos da arte II -Lingua castelá e literatura II
2º BACHARELATO- ARTES e CIENCIAS (B)	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Bioloxía -CC. Da terra e do medio ambiente -Cultura audiovisual II -Debuxo técnico II -Ética e filosofía do dereito -Historia de España -Imaxe e son -Lingua galega e literatura II -Patrimonio artístico e cultural de Galicia -Psicoloxía -Química -Técnicas de expresión gráfico-plástica 	<ul style="list-style-type: none"> -Física -Fundamentos da arte II -Lingua castelá e literatura II -Matemáticas II -Métodos estatísticos e numéricos -Tecnoloxía industrial II -Tecnoloxías da información e a comunicación II
2º BACHARELATO-HUMANIDADES E CCSS (C)	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
<ul style="list-style-type: none"> -Argumentación e debate -Ética e filosofía do dereito -Historia da arte -Historia da filosofía 	<ul style="list-style-type: none"> -Economía da empresa -Fundamentos de administración e xestión -Grego II -Latín II

-Historia da música e da danza -Historia de España -Imaxe e son	-Lingua castelá e literatura II -Matemáticas aplicadas ás CC.SS. II -Métodos estatísticos e numéricos -Relixión católica -Tecnoloxía da información e a comunicación II
---	---

- **Ciclo Superior de acondicionamento físico**

1º CICLO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Acondicionamento físico na auga -Actividades básicas de acondicionamento físico -Formación e orientación laboral	-Control postural, benestar e mantemento -Lingua estranxeira profesional I -Valoración da condición física e intervención

2º CICLO	
EN GALEGO	EN CASTELÁN
-Actividades especializadas -Empresa e iniciativa emprendedora -Técnicas de hidrocinesia	-Fitness en sala de adestramento polivalente -Habilidades sociais

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓN

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

As medidas adoptadas xa no centro son as seguintes:

- Inclusión do alumnado con pouco dominio da lingua galega e/ou castelá nas medidas de atención á diversidade que se consideren convenientes das existentes no centro (agrupamentos específicos, reforzos e programas de mellora da aprendizaxe).
- Atención específica e persoal por parte do profesorado que imparte clase a eses alumnos/as, especialmente por parte do profesorado de linguas.
- Apoio específico por parte do profesor de Pedagogía Terapéutica.
- Colaboración do Departamento de Orientación e do PT co profesorado de linguas para a procura e elaboración de material didáctico específico para este alumnado.

Medidas que deben adoptarse, especialmente tendo en conta a probabilidade de que aumente o número de persoas con dificultades de comprensión lingüística:

- Establecemento de medidas de reforzo lingüístico concretadas na constitución do grupo de adquisición de linguas, con sesións de clase separadas do curso de referencia do alumno/a mais procurando a súa progresiva integración.
- Ubicación do alumnado na aula de xeito que coincida con compañeiros galego e castelán falantes, evitando a relación exclusiva con alumnos/as da súa mesma lingua.
- Institución no centro da figura de “alumno/a titor/a” que acompaña ao alumno/a que se incorpora ao centro, facilitando a súa integración social e lingüística.

- Adquisición e dispoñibilidade de recursos útiles para a aprendizaxe de linguas (bibliográficos, multimedia e interactivos, audio e videográficos).
- Fomento da integración do alumnado con dificultades de comunicación lingüística en grupos de alumnado local, facilitando a participación conxunta en actividades extraescolares e nas actividades de lecer fóra do horario escolar e do centro educativo.
- Deseño de proxectos participativos nos que o alumno/a tome parte en concursos, tertulias, exposicións, traballos en grupo ou competicións deportivas dentro do ámbito do centro educativo ou a nivel local, que permitan a integración nun mesmo equipo de alumnos/as con dificultade e con fluidez lingüística.
- Motivación das familias, a través do Consello Escolar e da ANPA, para lograr a integración lingüística familiar.
- Implicación de institucións e entidades locais de carácter non educativo (Concello, asociación culturais, folclóricas, deportivas,...) para que faciliten a integración social do alumnado inmigrante e das súas familias.
- Establecemento de contactos con outros centros educativos coa finalidade de acordar obxectivos, metodoloxía, instrumentos pedagóxicos e criterios de avaliación dos procesos de aprendizaxe lingüística.
- Establecemento de liñas de comunicación a través de internet con outros centros e con profesorado doutros países que levan máis tempo afrontando esta situación co obxectivo de intercambiar información pedagóxica.
- Promoción desde o centro da participación do profesorado en actividades de formación continuada, con vistas a mellorar as solucións aos problemas de integración lingüística do alumnado.

10. PROCEDIMENTOS QUE ASEGUREN QUE O ALUMNADO ACADÉ A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NAS LINGUAS EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS

- Compromiso do profesorado que imparte a súa materia en galego para velar polo uso desta lingua entre o alumnado e pola súa corrección lingüística.
- Axuda na elaboración ou revisión de textos por parte do Dpto. de Lingua e Literatura Galega e do EDLG para todo o que o precise.
- Ampliación dos recursos en lingua galega dispoñibles na biblioteca e nos departamentos para as materias de obrigada impartición nesa lingua.
- Elaboración e publicación na páxina web do centro dunha relación de recursos dispoñibles en internet para o uso da lingua galega.
- Apoio ás medidas de promoción da lingua galega que o EDL leve a cabo.
- Impulso por parte do Departamento de Lingua Galega e Literatura e da Vicedirección, como órgano encargado de actividades complementarias e extraescolares, da realización de actividades que favorezan un uso activo da lingua.
- Emprego do galego a nivel oral e escrito nas actividades complementarias e extraescolares que organice o centro, sen prexuízo da utilización doutras linguas en actividades específicas das mesmas.
- Difusión de traballos de todo tipo realizados polo alumnado e valoración do correcto uso lingüístico dos mesmos; o centro favorecerá a difusión de traballos do alumnado mediante exposicións, publicacións impresas ou dixitais, a conta de instagram...
- Promover a biblioteca como axente dinamizador da vida escolar así como entre exalumnado e mesmo coas familias.
- Coordinación con outros centros educativos para colaboracións ou intercambios.

11. SECCIÓNS BILINGÜES

A competencia en linguas estranxeiras está sendo promovida desde moitos eidos diferentes, coa finalidade de que o alumnado acade unha formación lingüísticamente diversa, coas vantaxes educativas e profesionais que a riqueza comunicativa implica.

O traballo no desenvolvemento da competencia comunicativa en cada unha das linguas estranxeiras que conforman o noso currículo está a ser reforzado pola aprendizaxe de contidos de materias non lingüísticas que supón máis tempo de adicación ás devanditas linguas.

Entre os obxectivos que buscamos acadar coa posta en marcha das seccións bilingües figuran os seguintes:

- Mellorar a competencia comunicativa do alumnado en todas as linguas.
- Obter unha maior coherencia metodolóxica e terminolóxica entre elas.
- Espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe de novas linguas.
- Valorar a diversidade lingüística.

Este curso 2021/2022 contamos coas seguintes seccións bilingües:

SECCIÓN BILINGÜE	LINGUA	CURSO
Tecnoloxía	Inglés/Castelán	2º ESO
		3º ESO
		4º ESO
TICS	Inglés/Castelán	4º ESO